

DOMINGO XXI ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA Is 22, 19-23

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

Así fala o Señor a Sobne, responsable do templo: chimpareite do teu posto encumiado, botareite abaixo do teu pedestal. Sucederá no día aquel, que chamarei polo meu servo, Eliaquim, fillo de Hilquías. Farei que vista a túa túnica, e fortalecereino co teu cingudeiror e porei na súa man o teu posto de mando: será un pai para os habitantes de Xerusalén e para a casa de Xudá. Porei a chave da casa de David sobre o seu ombreiro: abrirá, e non haberá quen feche; e fechará, e non haberá quen abra. Cravarei a caravilla da súa tenda nun lugar seguro, e será trono de gloria para a casa de seu pai.

SALMO RESPONSORIAL Sal 137, 1-2a. 2bc-3. 6 e 8bc

R/. (8bc): **A túa misericordia, Señor, é para sempre;
non abandóne-la obra das túas mans.**

Douche gracias, Señor, de todo corazón,
hei cantar para ti diante dos anxos.
Hei prostrarme cara ó teu santo templo.
Dou gracias ó teu nome
pola túa misericordia e a túa fidelidade,

Porque a túa promesa
é máis grande cá túa sona.
Cando te chamo, respóndesme
e acrecénta-las miñas forzas.

O Señor é excelso,
e pon os seus ollos no humilde,
e coñece de lonxe o soberbio.
A túa misericordia, Señor, é para sempre,
non abandóne-la obra das túas mans.

SEGUNDA LECTURA Rm 11, 33-36**LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS ROMANOS**

¡Que fondura é a da riqueza, da sabedoría e do coñecemento de Deus! ¡Que inescrutables son os seus xuízos e inexplorables os seus camiños! Pois ¿quen coñeceu a mente do Señor? Ou ¿quen foi o seu conselleiro? ¿Quen lle emprestou algo, para que El llo teña que devolver? Tódalas cousas saíron del e existen por El e para El. A El a gloria polos séculos. Amén.

EVANXEO Mt 16, 13-20**LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Naquel tempo, chegou Xesús á comarca de Cesarea de Filipo e facíalles esta pregunta ós seus discípulos: ¿Quen di a xente que é o Fillo do Home? Eles responderon: uns din que Xoán Bautista; outros, que Elías; outros, que Xeremías ou algún dos profetas. El insistiu: e vós, ¿quen dicides que son eu? Respondeu Simón Pedro: ti e-lo Mesías, o Fillo de Deus vivo. E Xesús contestoulle: ditoso ti, Simón, Fillo de Xonás, porque non cho revelou nin a carne nin o sangue, senón meu Pai, que está nos ceos. E eu dígoche: "Ti es Pedro, e sobre esta pedra vou edifica-la miña Igrexa, e as portas do inferno non prevalecerán en contra dela. Dareiche as chaves do Reino dos Ceos; todo o que ates na terra, ficará atado nos ceos; e todo o que desates na terra, ficará desatado nos ceos.